

Perspectiva estatística dos museos e coleccións museográficas Observatorio da Cultura Galega

Segundo o Consello Internacional de Museos (ICOM, 2007) e o Centro de Información Museolóxico UNESCO-ICOM, defínese como museo á 'institución permanente, sen fins de lucro, ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento e aberta ao público, que recolecta, conserva, expón, estuda e difunde o patrimonio material e inmaterial da humanidade con fins de educación, estudo e lecer”.

Se tomamos como referencia a metodoloxía do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, vemos que as unidades estudadas pola Secretaría de Estado de Cultura son os museos e as coleccións museográficas. Para a súa definición baséase na Lei 16/1985 do 26 de xuño, de Patrimonio Histórico Español.

Museos: Institucións de carácter permanente que adquiren, conservan, investigan, comunican e exhiben para fins de estudo, educación e contemplación conxuntos e coleccións de valor histórico, artístico, científico e técnico ou de calquera outra natureza cultural.

Colección museográfica: Conxunto de bens culturais que, sen reuniren todos os requisitos necesarios para desenvolver funcións propias dos museos, se exhibe ao público con criterio museográfico e horario establecido, e ademais conta cunha relación básica dos seus fondos e dispón de medidas de conservación e custodia.

Como se pode ver na seguinte táboa, setenta e oito museos estaban censados en Galicia en 2010¹, dous máis que en 2006 e 2008. No total España, o inicio da crise rompe a tendencia á alza cunha perda global de 30 museos.

Total museos censados			
	2006	2008	2010
España	1.489	1.560	1.530
Galicia	76	76	78

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de Museos y Colecciones Muesográficas.

Segundo a tipoloxía dos museos ou coleccións museográficas, en xeral a tendencia en Galicia é alcista, de igual xeito que no resto de España. Co declive económico apreciamos na comunidade galega unha baixada dos museos de belas artes, reflectida tamén no ámbito nacional, pero estes experimentaron unha suba en 2010 que non se deu en Galicia. As diferenzas nos datos destas dúas táboas explícanse porque non todos os museos censados contestan as enquisas.

Número de museos e coleccións museográficas por tipoloxía						
	2006		2008		2010	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total	1.343	67	1.455	69	1.479	73
Arqueolóxico	168	2	180	3	172	3
Arte contemporánea	106	4	122	5	130	5
Artes decorativas	27	1	29	1	30	2
Belas artes	192	17	183	13	228	16
Casa museo	75	5	95	5	93	6

¹ Segundo os datos do Sistema Galego de Museos (Muga) na actualidade hai 81 museos

Ciencia e tecnoloxía	37	3	59	4	55	3
Ciencias naturais e historia natural	51	1	55	1	59	1
De sitio	47	2	59	1	49	1
Especializado	130	7	148	7	147	7
Etnografía e antropoloxía	228	11	241	14	256	16
Xeral	160	11	151	11	142	8
Historia	96	3	106	4	108	5
Outros	26	-	27	-	10	-

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de Museos y Colecciones Museográficas.

Outros indicadores específicos desta enquisa de museos son o número de visitantes e os fondos dos que dispoñen. No caso deste último, os museos galegos seguiron sumando fondos no bienio 2008-2010.

	Número de visitantes a museos e coleccións museográficas					
	2006		2008		2010	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total visitantes	52.537.433	2.000.520	55.594.706	1.832.396	56.795.479	1.762.580
Visitantes por museo	39.119	29.859	38.209	26.556	38.401	24.145
Visitantes por museo aberto	41.466	31.258	40.462	26.556	40.510	24.480

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de Museos y Colecciones Museográficas 2010.

Notas:

- 1) Museos e coleccións museográficas: Refírese aos museos e coleccións museográficas que informaron sobre o número total de visitantes.
- 2) Visitantes: Total. Refírese aos museos e coleccións museográficas que informaron sobre o número total de visitantes

Pola contra, como se pode apreciar na táboa superior, o descenso de visitantes é constante.

No que se refire ao costume dos galegos de visitar museos ou coleccións museográficas obsérvase un aumento moderado nos que declararon que visitaran un museo no último trimestre do período 2010-2011 respecto ao período anterior, mentres que nos demais indicadores a tendencia é lixeiramente á baixa.

	Porcentaxe de persoas segundo a asistencia ou visita a museos			
	2006-2007		2010-2011	
	España	Galicia	España	Galicia
Total visitaron no último ano	31,2	25,9	30,6	25,2
Nos últimos tres meses	15,1	11,9	15,1	12,2
Entre tres meses e un ano	16,0	14,0	15,5	13,0
Hai máis dun ano	33,2	32,4	35,9	32,3
Nunca ou case nunca	35,7	41,8	33,6	42,5

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2010-2011.

No que corresponde ao gasto da Administración autonómica en museos, podemos ver que as liquidacións son moi pouco homoxéneas, polo que as interpretacións que se

fagan deben tomarse con cautela. Nalgunhas anualidades inclúense nesta partida gasto de persoal e gasto correntes, o cal resulta difícil de explicar. Por outra banda, hai unha serie de investimentos e transferencias de capital que non teñen continuidade no tempo, polo que deberemos atribuílas a operacións puntais relacionadas con infraestruturas culturais.

As ocupacións relacionadas co patrimonio e a conservación, como as desempeñadas por arqueólogos ou conservadores de museos non están identificadas na CIUO (Clasificación Internacional Uniforme de Ocupacións), aínda que se incluíran baixo o código CNO 2632 (sociólogos, antropólogos, e profesionais afíns). Os profesionais activos neste campo habitualmente posúen coñecementos científicos e altos niveis de destreza que podan ser asociados ao gran grupo 2 de profesionais científicos e intelectuais establecido na devandita clasificación.

Segundo os códigos CIUO 08, atópanse dous dominios de ocupacións culturais dentro destes ámbitos:

- Difusión 3433: Técnicos de galerías, bibliotecas e museos.
- Exhibición/transmisión 1349 2: Xerentes de servizos profesionais que tamén inclúen administradores de arquivos e profesionais de museos.

Por outra banda, de acordo co Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións, as profesións que exercerían actividades propias dos museos incluíríanse dentro do sector de actividades artísticas, recreativas e de entretemento, realizando a actividade económica baixo epígrafe CNAE de actividades de bibliotecas arquivos, museos e outras actividades culturais. As principais ocupacións son as de arquivistas e conservadores de museos (recolle conservadores de museo e galerías de arte), así como técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas (recolle axudante de museo). O perfil profesional maioritario é: mulleres xóvenes urbanas.

- (2911) arquivistas e conservadores de museos
29111024 Conservadores de Museo e Galerías de Arte
- (3733) Técnico en galerías de arte, museos e bibliotecas
37331030 Axudante de museo

O número de contratados e contratos neste ámbito foi no último trimestre do 2012 como segue:

Número de contratados e contratos no ámbito dos museos		
Profesións	Contratados	Contratos anuais
Arquivistas e conservadores de museos	27	51
² Técnico en galerías de arte, museos e bibliotecas	35	44

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Observatorio Ocupacional

Segundo os datos aportados polos propios museos, en contra da tendencia nacional, os museos galegos están a perder persoal dende 2006.

	2006		2008		2010	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total persoal adscrito	13.681	685	13.709	617	14.194	623

² Epígrafe de CNO común para Museos, Galerías de Arte e Bibliotecas.

